

*Lestedo deixouno negro,
ase é certo o que digo,
sixolle unha debulleira
nas paracas e no trigo.*

*De Lestedo foi pra Venda,
mándanme hoxe un aviso,*

*que cando se deron conta
nun lle deixara un chámica.*

*Deus en correr tras das polas
e elas moi enfadadas
fórsonse xuntando todas
para correlo a pedradas.*

*Pero non fixeron nada,
porque andaba incomodado,
non lle daban cunha pedra
nun tan xiquera no rabo.*

*Marchouse por San Miguel,
e por deixalas contentas
levóulle o unto do caldo
e a semente dos pimentos.*

*Esporriñóulle as cebolas,
abreto sódolos galineiros,
iballe ó pan á artesa
e esfachicóulle os pucheiros.*

*E no lugar de Ximonde
pelexou con sódolos mozos,
que quitaron as «barberas»
e afeitáronlle o pescoco.*

*Saltou a Silva de Baixo
que de ali queda á beira,
pero el dunha zancada
non mirou atrás xiquera.*

*E desde Silva de Baixo
nun vuelo foi dar a Ribeira,
e as mozas foron correndo
cada unha pra sua eira.*

*Empezou a picotazos cos homes,
corriendo que daba medo,
foi subindo a Vilancosta
e durmeo nun galineiro.*

*O outro dia, ben cedo,
xa estaba cascorexando,
foi a dona do poleiro
e botouno acá pra baixo.*

*E metéuse na Ribeira
preguntándolle ás mozas moi baix
por onde é o camiño
pra ir a Neira de Baixo?*

*Enséñronlle o camiño
as probes xa temblando:
ten que atravesá-lo río
na barca de ali abaxo.*

*Tan pronto que aturuxou
empezou a aturuxar,
e as galinhas de Neira de Baixo
quen as via a escapar.*

*O ver un capón tan grande
e con unha gorxa tan estirada
xa decian as de Neira:
—non nos vai a deixar nada.*

*Ali azombróu a todos
que dou coas polas do niño,
puxo de sartén ó lume
e acabóulle co niño.*

*E despóis de emborracharse,
pasando por Canicova,
foi subindo polos Muíños
e metéuse en Vilanova.*

*Mirade vos, meus amigos:
empezou de meter medo
e mentras eles escapaban
él acabóulle cos grellos.*

*En San Pedro, Dios nos libre,
hasta rachaba nos paos,
hasta que ó fin o prenderon
no mesmo lugar de Cumbravil.*

*E despois, caladamente,
e sin meter moita bulta,
atravesou Sarandón
e presentóuse na Ulla.*

*All fixo mil estragos,
sobre todo en Reboredo,
que en todo o ano os rapaces
non salen de si co medo.*

*Veu vindo pra Santa Cruz
e sempre facendo mal,
hasta que o prenderon
os herdeiros de Don Pino Carnaval.*

*A todos desejo salud,
el destino está dejado;
ya no fallo más sentencias
hasta que venga otro año.*